

5º CONCURSO “FOTOGRAFÍAS POLA IGUALDADE” FEDERACIÓN GALEGA DE ANPAS COMPOSTELA

CONVOCATORIA E PARTICIPACIÓN

1. A Federación Galega de ANPAS Compostela convoca o 5º Concurso de Fotografía co obxectivo de que o alumnado e as familias dos centros de infantil, primaria, secundaria e bacharelato, conservatorios e escolas de música públicos plasmen nunha fotografía como ven a igualdade en calquera ámbito da vida e promover a reflexión. Valorarase que sexan mensaxes positivas nas que se visibilice o que contribúe a igualdade nas distintas esferas da vida (familia, de relación entre iguais, lecer, deporte, educación, cultura...).
2. As imaxes irán acompañadas dun título e un pequeno texto explicativo do que representa (máx. 40 palabras).
3. Cada participante presentará un máximo DUNHA fotografía.
4. As fotografías deben ser orixinais e inéditas e non poden ter sido premiadas en concursos anteriores nin publicadas en ningún tipo de soporte.
5. A Federación Galega de ANPAS Compostela resérvase o dereito a eliminar do concurso aquelas fotografías que induzan, inclúan ou teñan relación directa ou indirecta con calquera tipo de violencia ou que fagan publicidade de calquera tipo de marca ou negocio.
6. A falta de veracidade, a incorrección nos datos proporcionados polas persoas participantes, a falta de autoría ou orixinalidade, a xuízo do xurado, permitirán a Federación Galega de ANPAS Compostela a súa exclusión do concurso.
7. As fotografías pasarán a ser propiedade da Federación Galega de ANPAS Compostela, que adquirirá o dereito pleno á súa utilización.

REQUISITOS PARA PARTICIPAR

1. Poderá participar calquera alumna ou alumno das escolas infantís, colexios, institutos, conservatorios ou escolas de música públicas. Nestes últimos casos -conservatorios e escolas de música públicos- deben estar cursando tamén ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria ou bacharelato en centros públicos, categorías onde se lles incluíra a efectos de clasificación neste concurso.
2. Cubrir todos os campos do formulario de inscrición accesible en: <http://fotografiaspolaigualdade.fanpacompostela.gal/>
3. Enviar adxunto no formulario (en caso contrario quedarán excluídas) a fotografía participante en formato TIF, PNG ou JPEG de máxima calidade, cun tamaño máximo de 10 MB a través do formulario de inscrición sito na web: <http://fotografiaspolaigualdade.fanpacompostela.gal/>

4. Enviar adxunta a autorización de cesión da imaxe, cuberta e asinada, seguindo o modelo de autorización que se proporcionará na web <http://fotografiaspoligualdade.fanpacompostela.gal/>

PRAZOS DE PARTICIPACIÓN

O prazo de admisión de fotografías rematará o **30 de abril de 2024 ás 23:59 h**

PREMIOS

Haberá catro categorías, **INFANTIL-PRIMARIA, SECUNDARIA, BACHARELATO e FAMILIAS**, e ofreceranse os seguintes premios:

Nas categorías de INFANTIL-PRIMARIA, SECUNDARIA E BACHARELATO:

Haberá un total de 10 fotografías gañadoras por categoría, seleccionadas polo xurado, sen que se estableza entre elas ningunha orde.

As 10 fotos gañadoras en cadansúa categoría recibirán un diploma e un libro en lingua galega (dun valor máximo de 25 euros) adaptado á idade da persoa participante. As fotografías que se presenten de forma grupal levarán como premio tamén un libro.

Na categoría de **FAMILIAS** poderán participar nais, pais, titores e titoras legais de alumnado de Ensino Público que así o desexen. Neste caso entregaráse un Diploma e a copia impresa da súa fotografía.

Todas as participantes, en cadansúa categoría levarán como agasallo, xunto co Diploma de participación a impresión tamaño A4 da fotografía presentada.

As impresións faranse en cartón-pluma, para facilitar a súa exposición.

XURADO

O xurado estará composto por catro persoas representantes das ANPAS socias da FANPA e unha profesional do mundo da fotografía, deseño, igualdade, docentes... que escollerá a Directiva e a Comisión de Igualdade da FANPA COMPOSTELA.

Cada membro do xurado asignará un valor do 1 ao 5 a cada fotografía admitida en cada categoría. A fotografía gañadora será aquela que reciba maior puntuación. En caso de que haxa un empate entre varias fotografías que supere os 10 premiados, farase unha nova votación na que cada membro do xurado deberá votar por unha única fotografía e serán seleccionadas aquela/s que obteñan maior número de votos, e exercerá o voto de calidade, en caso de ser preciso, o membro representante profesional do xurado.

A resolución do concurso darase a coñecer directamente a todas as persoas participantes, nomeadamente a quen acade os premios, e informarase ás ANPAS federadas para que lle dean publicidade nos taboleiros dos seus centros uns días antes da entrega dos mesmos.

As persoas que teñan relación de parentesco directo con algún ou algunha participante non poderán votar a categoría na que se presenten, polo que deberán comunicar a súa inhibición previamente.

ACTIVIDADES POSTERIORES

A partir do mes de xuño do ano 2024 realizarase un acto de entrega de premios. As fotografías participantes incorporaranse a un fondo co que se realizarán exposicións nos centros educativos nos que así o soliciten as súas anpas federadas.

Igualmente, as fotografías presentadas, que pasarán a ser propiedade da FANPA Compostela, incorporaranse á páxina web dedicada a este concurso.